



LARANXEIRA ÁCEDA

Citrus aurantium

*SABÍAS QUE...? Como di un refrán popular:
«Flores de tila y naranjo, al más malo lo hacen manso».*

É unha árbore cítrica da familia das Rutáceas. Sospéitase que ten unha orixe híbrida entre o pomelo chino ou cimboa (*Citrus maxima*) e o mandarino (*Citrus reticulada*). A orixe desta árbore é aínda descoñecida, aínda que o máis probable é que sexa nativa do sueste asiático. Os árabes difundiron o seu cultivo en todo o litoral mediterráneo desde o século X, cando chegou á Península.

Nome común: Naranjo amargo, naranjo agrio, naranjero (cast.); laranxeira aceda (gal.); bitter orange, Sour orange (ing.).

Etimoloxía:

- Citrus: o nome do xénero procede do latín Citrus, -i, nome clásico do cidro (*Citrus medica*)
- aurantium: o epíteto específico, aurantium, deriva do latín auratus, que significa de cor de ouro, fai alusión á cor dourada dos seus froitos

Descrición da especie: Árbore pequena sempre verde, de 7-8 m de altura, con porte achatado, de copa redondeada e ás veces con espiñas axilares e agudas nas súas ramas. As súas follas son simples, alternas, elípticas ou lanceoladas, e moi aromáticas cando se apertan. O rabiño adoita ter dúas ás, anchas na parte superior e estreitas na base, ás veces con forma de corazón. As flores son brancas, hermafroditas e con 5 pétalos carnosos abertos en estrela. Nacen en solitario ou en pequenos grupos durante a primavera. Desprenden un intenso e agradable aroma moi característico (azahar). Os froitos son redondeados, cunha casca grossa, rugosa e alaranxada na súa madurez (laranxas). A súa pulpa carnosa está dividida nun número variable de cuarteiróns (7-12) cubertos por unha teliña membranosa e que gardan unha ou varias sementes branco-amareladas. Diferénciase do froito da laranxeira doce (*Citrus sinensis*) porque a súa pulpa ten un sabor acedo ou mesmo agre, o eixo central é oco e a casca sepárase con facilidade. Cando florece, un suave e agradable aroma asolaga as rúas das nosas cidades e pobos.

